

## SOBRE RETRIBUCIÓN

Creo que o acordo acadado entre a xunta de persoal funcionario e a xerencia e referendado na última asemblea de funcionarios merece a seguinte análise coas seguintes reflexións:

Facendo un pouco de historia sobre este proceso para ter unha perspectiva global e non final sobre o mesmo, cómpre dicir que alá polo comezo do ano 2001 iniciáronse as conversas entre os dous órganos de representación do PAS e o xerente Julio Taboada. A fin deste proceso era chegar a un acordo marco que abranguese os dous colectivos no que se incluíse todos aqueles temas que lles afectase, é dicir, retribucións, acción social, permisos, licencias, promocións, plano de calidade etc

Ó pouco de comezar as roldas negociadoras desta mesa, a CIG-funcionarios retirouse da mesma, argumentando que eles non negociarían un acordo onde se incluíse calidade a cambio de retribucións.

Mentres esa mesa seguía no seu empeño en chegar a un acordo, a pesar do pouco interese do xerente, eu diría máis ben covardía, a asemblea de funcionarios do mes de outubro do ano 2001, avalaba por unanimidade a tese da CIG-funcionarios de que as retribucións non van unidas a un plano de calidade.

Xa andado un pouco do ano 2002, a xunta de persoal funcionario, chega a un acordo verbal co Vicerrector de Investigación pola que asume o plano de calidade que se negociará na mesa de retribucións, a cambio de un montante de 69 millóns de pesetas que se repartirían segundo os criterios elaborados pola xunta de persoal e aprobados en asemblea polos funcionarios.

Pasados quince días desta asemblea, o Pte. da xunta de persoal, convoca outra asemblea na que se ratifica o acordo ó que se chega co actual xerente, pola que se reparten 30 millóns de pesetas linealmente entre os funcionarios, deixando os 39 millóns de pesetas restantes a expensas do acordo ó que se poida chegar na mesa de calidade ou retribucións. Isto, a grandes trazos, é o proceso que nos leva a situación actual.

Ante isto caben as seguintes reflexións:

- 1.-O fracaso da mesa de retribucións, débese tanto a actitude do anterior xerente como da sección sindical da CIG-funcionarios.
- 2.-É difícil de entender o cambio de actitude na CIG-funcionarios tocante o acordo de calidade a cambio de retribucións, xa que a súa tese como, expliquei antes, está referendada unanimemente por unha asemblea, vexo certa incoherencia.
- 3.-En contra dos criterios de actuación de todas as xuntas de persoal desde o inicio desta universidade, esta xunta de persoal abre canles de negociación con interlocutores non válidos (vicerrectores), que o tempo demostra erradas.

4.-Este acordo de retribucións ven se puido acadar fai tempo se todos tivesen posto o seu gran de area, sen retiradas presuntamente electoralistas.

5.-Espero que o camiño aberto por esta xunta de persoal, nos leve a acadar un acordo global sobre retribucións e calidade, reflectido nun acordo marco que inclúa a todo o PAS desta casa.

Carlos Guerra, é PAS funcionario da Universidade de Vigo, e membro da xunta de persoal por CC.OO.